



**ANUNCIO DE APERTURA DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS
CONTRATO MENOR**

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento
- b) Domicilio: San Marcos, 8
- c) Localidade e Código Postal: Lugo 27001
- d) Teléfono: 982 260 202
- e) Dirección de internet do perfil do contratante: www.salvamentolugo.org
- f) E-mail: consorcio.incendios@deputacionlugo.org

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Tipo: Servizos (contrato menor)
- b) Obxecto do contrato: CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A ELABORACIÓN DUN DITAME DE VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO POR PARTE DAS EMPRESAS ADXUDICATARIAS, DOS CONTRATOS E DOS PREGOS REITORES DOS EXPEDIENTES: EXP CON001GSP10-ABO E EXP CON002GSP10-ABO RELATIVOS Á CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS QUE ABARCA OS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DESTE CONSORCIO PROVINCIAL (BARREIROS, VILALBA, VIVEIRO, E CHANTADA, SARRIA E MONFORTE DE LEMOS)

3. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

- a. **Importe máximo:** 12.000,00 €, aos que haberá que engadir, 2.520 € en concepto de IVE, o que fai un total de 14.520,00 €.
- b. **Prazo máximo de execución:** 1 mes (30 días naturais) a contar, desde a data da sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto, desde o día seguinte á recepción da notificación da adxudicación do contrato.

4. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

- a. **Contido da oferta:** Para poder tomar parte neste procedemento os interesados deberán achegar a seguinte documentación: solicitude de participación (Anexo II), oferta económica e oferta do prazo de execución (Anexo III), e declaración responsable (Anexo IV), debidamente cumprimentadas e asinadas polo responsable da empresa segundo os modelos que se xuntan a este anuncio

Xunto aos modelos anteriores **achegará tamén una breve memoria descritiva** na que se plasmará a estrutura do informe/ditame de conclusións de acordo co previsto no Anexo I: Documento de especificacións

- b. **Prazo: 10 días naturais** contados a partir do seguinte á publicación deste



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

anuncio no perfil do contratante para que as empresas que desexen participar no proceso, presenten as súas propostas, as cales deberán estar correctamente seladas e asinadas polo responsable da empresa.

c. Lugar de presentación:

- Dependencia: Rexistro do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento
- Domicilio: San Marcos 8
- Localidade e código postal: Lugo 27001

5. SELECCIÓN DO CONTRATISTA

Considerando que de acordo co orzamento máximo de licitación previsto para a presente contratación non resulta procedente o establecemento de criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, para a selección do contratista tomaranse en consideración os seguintes aspectos:

1. Redución do prezo máximo de licitación
2. Redución do prazo máximo de execución do contrato
3. Estrutura do informe/ditame de conclusións.

6. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

A PUBLICACIÓN DESTE ANUNCIO NON DETERMINA COMPROMISOS OU OBRIGAS CONTRACTUAIS OU ORZAMENTARIAS ALGUNHAS CON ANTERIORIDADE AO ACTO DE ADXUDICACIÓN.

En Lugo, a 20 de novembro do 2017, O SECRETARIO-INTERVENTOR, Jose Antonio Mourelle Cillero